



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE MAIO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

MOCIÓNS E PROPOSTAS

VICEPRESIDENCIA, CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da celebración do Día de Europa.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA, CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Protocolo polo que se establece a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a continuación da tramitación dos procedementos relativos á concesión das axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e para a consolidación e estruturación dos grupos de investigación das universidades galegas e demais entidades que conforman o I+D+i galego, e das axudas para as universidades do SUG para a contratación de persoal investigador distinguido.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que se deriva do proxecto de Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21, por importe total de dezanove millóns seiscentos oitenta mil euros (19.680.000,00 €).

INFORMES



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a convocatoria de axuda ás entidades locais para o cumprimento dos seus compromisos de adhesión ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía (2020).
- Informe sobre a convocatoria de axuda ás entidades locais en materia de xestión de residuos municipais (2020-2021).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a situación dos expedientes de expropiación forzosa interrompidos pola entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o novo servizo de asesoramento e tramitación de axudas para autónomos e pemes "Igape Responde".
- Informe sobre os convenios de colaboración entre a Xunta, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), e pemes e universidades para o desenvolvemento de solucións innovadoras ante o COVID-19.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación polo trámite de emerxencia da obra de instalación de portas automáticas co obxecto de mellorar o illamento de pacientes ingresados con coronavirus nas unidades de coidados intensivos (UCI e REA) do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo (HULA), por un importe de cento sesenta e nove mil cento setenta e sete euros con trinta e seis céntimos (169.177,36 €).
- Informe sobre a tramitación de emerxencia do expediente de contratación de subministración correspondente ao Plan de dotación de equipamento para afrontar o COVID-19: ventiladores volumétricos, pulsioxímetros e camas de hospitalización por un importe aproximado de cincocentos noventa mil novecientos setenta e tres euros con oitenta e cinco céntimos (590.973,85 €).
- Informe sobre o Plan de reactivación asistencial en Atención Primaria en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan preventivo de incendios forestais de Galicia para o ano 2020.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CO GALLO DO DÍA DE EUROPA

O 9 de maio de 1950 o ministro francés de Asuntos Exteriores, Robert Schuman, propuxo mancomunar a produción europea do carbón e do aceiro para que nunca máis houbera guerras entre as nacións deste noso continente. Ata había poucos meses mantivérase en Francia o racionamento de certos alimentos, e aínda quedaba unha chea de entullos e cascallos por retirar como consecuencia dos bombardeos.

Esa nobre iniciativa posibilitou a milagre da rexeneración de Europa. A fraternidade entre os nosos pobos está no xermolo da nosa actual Unión. Hoxe, nunha situación tamén dramática e inzada de dor, os europeos temos que encarar outra desfeita que levou por diante a unha chea dos nosos concidadáns e aínda ameaza ás bases da nosa economía.

Por iso, neste Día de Europa de 2020, dende Galicia, dende España, cómpre que lembremos ese espírito fundacional da nosa actual Unión. Que apelemos á fraternidade que nos tornou prósperos a todos, porque todos nós, como europeos, compartimos valores éticos e bens materiais que aínda nos fan dignos de admiración no mundo.

Europa non pode medrar se cae na división, na fractura e no desánimo. A preservación do noso mercado interior é básico para todas as nosas empresas e, con elas, para os nosos traballadores. De aí nacen os recursos que fan posible o noso sistema de benestar, único no planeta.

Daquela, dende esta parte de Europa severamente atacada pola pandemia que vimos de padecer, lembramos que polo ben de todos, pola nosa unidade que outros desexarían quebrar, precisamos dese espírito fundacional para refacer novamente os alicerces da nosa prosperidade e rexurdir con maior forza, con maior cohesión e con maior sabedoría, a fin de encarar calquera outro risco ou ameaza que poidamos atopar no futuro.

Os Fondos Europeos, tanto Estruturais como de Cohesión, os fondos Agrícolas e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e tamén os que se han de engadir para a reconstrución económica, son ferramentas insubstituíbles que debemos arrancar axiña para complementar os esforzos solidarios xa despregados polo Banco Central Europeo, polo Banco Europeo de Investimentos e pola Comisión Europea. Agora, son os Estados e as rexións da Unión os que temos que estar á altura do desafío histórico que temos por diante. As xeracións que nos precederon souberon facelo en peores circunstancias, non esquezamos o seu maxisterio.

A XUNTA APROBA UN PROTOCOLO PARA A REINCORPORACIÓN GRADUAL DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO AO TRABALLO PRESENCIAL

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo a esta planificación, que xa conta co apoio dos catro sindicatos con representación na Mesa Xeral*
- *As actuacións preliminares comezarán o próximo 11 de maio co obxectivo de preparar, no prazo dunha semana, a volta ao traballo con todas as garantías*
- *A fase primeira comezará unha vez rematadas as actuacións preliminares de preparación*
- *O protocolo inclúe a adopción de medidas para garantir a separación de dous metros nos postos de traballo ou de carácter organizativo se isto non fose posible*
- *Incorpora tamén pautas de protección individual e colectiva, como a obrigatoriedade de tomar a temperatura antes de acudir o traballo e de lavar as mans antes de usar instalacións comunitarias como caixeiros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un Protocolo para regular a reincorporación gradual do persoal empregado público ao traballo presencial ao longo das próximas semanas, sempre tendo en conta a evolución da epidemia e recomendacións sanitarias. Este protocolo foi obxecto de intensa negociación coas organizacións sindicais, que fixeron interesantes alegacións, e froito disto a Xunta de Galicia acadou un importante acordo sobre este asunto. Nun primeiro momento, tres dos catro sindicatos con representación na Mesa Xeral (Comisións Obreiras, UXT e CSIF) ratificaron este protocolo e, posteriormente, tamén o fixo a CIG.

O Protocolo comeza coas actuacións preliminares, que darán comezo este próximo luns, 11 de maio. Trátase dun período de preparación, que se prolongará durante unha semana. Pasará por identificar ao persoal que conta con despacho propio, así como os espazos de traballo compartido nos que se cumpre a distancia de seguridade de 2 metros de persoa a persoa (frontal, lateral e traseira). Naqueles casos nos que non se cumpra, deberá avaliarse a posibilidade de reorganizar os postos ou ben de dotalos de elementos de protección como mamparas ou mobles. Do mesmo xeito, realizarase unha relación do persoal que pode teletraballar e daqueles casos nos que non é posible. Tamén se consultará ao persoal a súa dispoñibilidade para reorganizar quendas por se fose necesario por motivos de afluencia de persoal. No caso de ter que acometer reorganización de quendas, terán prioridade os empregados/as con menores ou dependentes ao seu cargo e, en calquera caso, primará a voluntariedade.

Unha vez tomadas todas estas actuacións preliminares e cumpridas as medidas preventivas, acordarase a incorporación efectiva e gradual do persoal, dando conta ao Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na primeira fase, continuará traballando de forma presencial o persoal que xa o facía (servizos esenciais), e incorporaranse os xefes/as de servizos ou postos equivalentes e aquel persoal que polas súas funcións non pode teletraballar.

Xa na segunda fase, incorporárase aquel persoal que, sen ter estado incluído na primeira fase, teña despacho ou espazo propio e os traballadores das oficinas nas que se compren os dous metros de separación entre traballadores.

Na terceira e última fase incorporárase aquel persoal que non o puido facer nas fases anteriores por ocupar postos de traballo nos que non se cumpría a separación de dous metros e logo de terse acometido os axustes necesarios para garantir a distancia mínima de seguridade.

Cada unha destas fase terá unha duración de dúas semanas, agás que se decida ampliar a súa duración en base ás recomendacións sanitarias. En todos os casos, tal e como se indicaba anteriormente, deberanse manter as distancias de seguridade. De non ser posible, planificaranse medidas especiais como réximes alternos de teletraballo; ou reprogramación de quendas, en base ás consultas realizadas aos traballadores durante as actuacións preliminares.

Cómpre destacar que poderá seguir teletraballando o persoal que teña ao seu cargo menores ou maiores dependentes e que se vexa afectado polo peche de centros educativos ou maiores. Do mesmo xeito, tamén se adoptarán medidas especiais de protección para aquel persoal que presente algún tipo de enfermidade ou afección que implique a súa consideración como grupo vulnerable. A determinación dos grupos vulnerables e a gradación de risco dos postos de traballo realizarase de acordo ao establecido polo Ministerio de Sanidade, que fixa como grupos vulnerables ás persoas con enfermidade cardiovascular/HTA, diabetes, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en tratamento activo, maiores de 60 anos e embarazo. As persoas dos grupos vulnerables non se incorporarán, por norma xeral, ata a terceira fase.

Ademais, o persoal empregado público que xa contaba con teletraballo ou flexibilidade horaria antes da declaración do Estado de Alarma continuará con ese dereito.

Organización do traballo, protección individual e protección colectiva

O Protocolo aprobado hoxe, ademais de establecer as fases, tamén detalla medidas de organización de traballo, protección individual e protección colectiva para garantir ao máximo a saúde dos traballadores.

En canto ás actuacións no ámbito da organización do traballo, o Protocolo establece, entre outras medidas, que se seguirán usando medios telemáticos na medida do posible

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

para evitar desprazamentos; que o acceso dos visitantes ás dependencias administrativas será individual, agás causas xustificadas; e que se colocarán carteis informativos coas recomendacións de seguridade.

No que se refire á protección individual da saúde, o persoal empregado público deberá tomarse todos os días (aínda sen sintomatoloxía) a temperatura no seu domicilio e quedar na casa se esta é superior a 37,5 graos. Tamén debe quedar na casa se presenta algún síntoma, contactar co teléfono 900400116 e informar o seu superior. Tamén se deberán manter as medidas de hixiene recomendadas: tusir nun pano ou contra o cóbado, hixiene frecuente de mans e distancia de seguridade, tamén nos tempos de descanso. Os equipos de traballo deberán ser usados por unha soa persoa e, no caso de ser compartidos, avaliáranse alternativas ou serán desinfectados entre cada quenda. Ademais, a Xunta terá que facilitar ao seu persoal os medios e equipos de protección que se establezan como obrigatorios para prestar o traballo, sendo competencia de cada centro directivo a súa subministración.

En canto á protección colectiva, dispórase, entre outras medidas, de produtos de hixiene para realizar unha correcta limpeza de mans, que será obrigatoria á entrar ao edificio, tanto para visitantes como para persoal empregado público; estableceranse distancias mínimas, non só nas oficinas, senón tamén nas zonas de acceso e espera ou espazos de atención ao público (onde tamén se poderán instalar elementos de protección); desinfectaranse os equipos e ferramentas postas a disposición do público visitante; e ventilarase de forma frecuente.

O Protocolo tamén establece unhas pautas xerais para o uso dos espazos comúns. Por exemplo, na entrada e saída do edificio deberá manterse a distancia de seguridade. Tamén se fixan sentidos de circulación en corredores ou escaleiras: camiñárase pola dereita, de un en un, e o máis pegado posible ao extremo da vía que corresponde. Os ascensores serán prioritarios para persoas con discapacidade e, posteriormente, o persoal que vai a plantas superiores. En todo caso, sempre hai que garantir a distancia de seguridade de 2 metros e, de non ser posible, usalo de forma individual. Tamén será obrigatorio lavar as mans antes de empregar calquera instalación comunitaria, como máquinas de autoservizo ou caixeiros automáticos.

En calquera caso, cómpre recordar que este é un Protocolo que estará en revisión.



REACTÍVANSE OS PRAZOS PARA A TRAMITACIÓN DOS CONTRATOS PREDOUTORAIS, DAS AXUDAS AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA E DA INCORPORACIÓN DE CIENTÍFICOS DE PRESTIXIO AO SUG

- *O Consello da Xunta autorizou a reanudación da tramitación dos procedementos relativos á investigación universitaria cuxos prazos quedaran suspendidos logo da declaración do estado de alarma*
- *Unha vez que conclúan os novos prazos, as convocatorias resolveranse do xeito máis inmediato posible, logo de analizar as solicitudes e emitir a avaliación correspondente*

O Consello da Xunta acordou hoxe a reanudación da tramitación dos procedementos relativos á concesión das axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral, para a consolidación e estruturación dos grupos de investigación das universidades galegas e demais entidades que conforman o I+D+i galego, así como das axudas para a contratación de investigadores de prestixio por parte das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Trátase das convocatorias cuxos prazos de solicitudes xa estaban iniciados pero que quedaron suspendidos por mor da declaración do Estado de Alarma. Agora, coa autorización por parte do Consello da Xunta, reactívanse de novo os procedementos de solicitudes, mantendo as mesmas condicións que xa estaban establecidas; e que se resolverán do xeito máis inmediato posible logo de concluír os trámites, analizar as solicitudes e emitir a avaliación correspondente.

Contratos predoutorais

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a de Economía, Emprego e Industria (a través da Axencia Galega de Innovación, Gain) reanudarán os trámites da convocatoria de 100 novas bolsas de contratos predoutorais, aos que este ano se destinan 8.129.100 euros (case un 7,5% máis respecto á anterior convocatoria, o que se traduce tamén nun aumento da contía anual dos contratos para os vindeiros tres anos). Neste caso, como o prazo de presentación de solicitudes xa finalizara, o acordo de hoxe permite continuar a tramitación para a resolución e concesión das axudas.

Esta convocatoria vai destinada ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos e Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras e doutores nos seus centros e divídese en dúas modalidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Na modalidade A as axudas están enfocadas a potenciar as traxectorias de investigación vinculadas ás áreas estratéxicas segundo os obxectivos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3, para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable a través da innovación, e que orientarán as políticas de cohesión da Unión Europea para o período 2014-2020. A previsión é financiar 57 contratos predoutorais nesta modalidade e o importe máximo de cada axuda ascenderá a 25.000 euros anuais.

Pola súa parte, a modalidade B busca garantir a representación de todas as ramas do coñecemento, establecendo un número de prazas para aquelas áreas que se atopan con máis dificultades de encaixe directo nos sectores produtivos, pero que resultan fundamentais para o crecemento sustentable dunha economía baseada no coñecemento. Deste xeito, garántese un mínimo de 10 axudas no ámbito das universidades para Artes e Humanidades, e outras 10 para Ciencias Sociais e Xurídicas, sempre que o número de solicitudes o permita. Nesta categoría beneficiaranse un total de 43 investigadores que preparan a tese e o importe máximo de cada axuda será de 22.900 euros anuais.

Ademais, ambas as dúas convocatorias inclúen estadías de tres meses de duración no estranxeiro cun importe máximo de 6.000 euros, en función do destino.

Axudas aos grupos de investigación máis competitivos

Tamén se reactivan os procedementos de axudas aos grupos máis competitivos da I+D+i galega para o período 2020-2024, cun orzamento total de 14,92 millóns de euros achegados polas consellerías de Educación e de Economía.

A convocatoria –cuxo prazo de presentación de solicitudes se reabrirá durante 5 días naturais desde a publicación no DOG os vindeiros días– vai dirixida ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación en Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e do IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia.

O obxectivo desta liña de axudas é asegurar un financiamento estrutural e continuado, condicionado por criterios de calidade, que garanta un financiamento basal dos grupos científicos máis excelentes do sistema galego de I+D que lles permita desenvolver o seu labor de xeito estable e cunha liberdade de acción suficiente para reorientalo de ser o caso.

Este ano, ademais do apoio a Grupos de Referencia Competitiva (modalidade A) e Grupos de Potencial Crecemento (modalidade B), introdúcese unha terceira modalidade,

para o financiamento de Proxectos de Persoal Investigador con traxectoria excelente (modalidade C).

Incorporación de científicos de recoñecido prestixio

A reestruturación dos prazos derivados do estado de alarma tamén afecta ao Programa de atracción e retención do talento científico en Galicia mediante a figura de Investigador Distinguido (ID), cuxo prazo de presentación de solicitudes se reabrirá durante 5 días naturais desde a publicación no DOG, os vindeiros días.

Esta é unha nova acción que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pon en marcha co fin de atraer e reter persoal investigador cunha ampla e recoñecida traxectoria co obxectivo de desenvolver as capacidades de investigación dos centros e das unidades de I+D do SUG.

A través deste programa de axudas -dotado con 5 millóns de euros de orzamento- a Consellería de Educación asumirá o financiamento íntegro da contratación de ata 15 investigadores de recoñecido prestixio por parte do Sistema Universitario Galego (SUG).

A contratación desta figura de Investigador Distinguido pode facerse a través de dúas modalidades: a modalidade de atracción e a modalidade de retención.

No primeiro dos casos, de atracción, búscase atraer investigadores de recoñecido prestixio e incorporalos ao sistema universitario galego. Para iso a Consellería de Educación financiará a contratación de ata un máximo de 10 investigadoras ou investigadores por un período de 4 anos e cun importe por contrato de 91.000 euros/ano. Para optar a estas axudas, as persoas contratadas polos distintos axentes de investigación deben estar en posesión dun título do grao de doutor, acreditar un mínimo de 4 anos de experiencia posdoutoral (dos cales polo menos 2 deben ser de estadía no estranxeiro) e non ter sido contratados por unha universidade do SUG nos 24 meses anteriores á data límite de presentación de solicitudes.

Na modalidade de retención, o obxectivo é contratar e promocionar o persoal investigador que xa está vinculado ao Sistema Universitario Galego, ben nos campus de especialización ou ben en áreas de coñecemento estratéxicas. Para tal fin a Consellería financiará a contratación de ata 5 persoas, cunha axuda de 71.000 euros/ano por contrato durante un período máximo de 4 anos. Neste caso, os requisitos esixidos son 4 anos de experiencia posdoutoral e contar coa acreditación para a categoría de profesor contratado doutor da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), entre outros.

A XUNTA INCREMENTA AS CONTÍAS DAS AXUDAS Á COMPRA DE LIBROS E FLEXIBILIZA AS ESIXENCIAS DE RENDA PARA ACCEDER AO FONDO SOLIDARIO E AOS VALES DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O VINDEIRO CURSO

- *Co fin de reforzar o apoio ás familias ante a crise xerada pola pandemia do COVID-19, a Consellería de Educación habilita un orzamento de preto de 19,7 M € para esta iniciativa, o que supón un incremento de case o 63% con respecto ao orzamento do presente curso*
- *Nas axudas á compra de libros para o alumnado de 1º e 2º de Primaria, as contías van dos 210 aos 140 € en función da renda, o que supón un incremento de entre 40 e 50 euros por neno con respecto á contía do curso 2019/2020, ademais de ampliar tamén os límites de renda esixidos para ter dereito á axuda*
- *Para o alumnado matriculado en educación especial, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, a axuda pasa dos 250 aos 275 euros*
- *Amplíanse os límites mínimos de renda esixidos para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO para acollerse ao Fondo Solidario de Libros, cuxos manuais se asignan por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar*
- *Ademais, continúaase co reparto de vales de 50 euros para adquisición de material escolar no caso das familias con rendas inferiores a 6.000 euros (ata o de agora o límite estaba establecido en 5.400 euros)*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21.

Con fin de reforzar o apoio ás familias ante a situación de crise xerada pola pandemia COVID-19 e a atención aos máis desfavorecidos, para o vindeiro curso 2020-21 a Consellería de Educación aumenta as contías das axudas para a compra de libros e flexibiliza os límites de renda para acceder aos vales para a adquisición de libros, material escolar e ao fondo solidario. Para atender toda a demanda, a Consellería habilita unha partida de preto de 19,7 M€, o que supón un incremento de case o 63% con respecto aos 12,1 M€ do presente curso.

Cómpre lembrar que o sistema solidario habilitado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que posibilita garantir unha educación accesible para o conxunto do alumnado susténtase en tres eixos, que son o Fondo Solidario de libros de texto, as axudas á adquisición de libros de texto (para aquelas ensinanzas e

cursos nos que os materiais non son reutilizables) e as axudas para a adquisición de material escolar.

Axudas á compra

As axudas da Consellería para a compra de libros están dirixidas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria, e ao alumnado matriculado en Educación Especial e ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

O vindeiro curso modifícanse os tramos de renda per cápita familiar para dar cabida a un maior número de familias, e as contías aumentan entre 40 e 50 euros segundo o tramo de renda.

Así, os requisitos de renda e as contías das axudas quedan do seguinte xeito:

Educación Primaria:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: 210 euros (ata o de agora o tramo era de ata 5.400 euros e a contía de 170 euros).
- Renda per cápita familiar superior a 6.000,01 e igual ou inferior a 10.000 euros: 140 euros (no presente curso o tramo ía dos 5.400,01 aos 9.000 euros e a contía era de 90 euros).

Así mesmo, no caso do alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65%, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos recibirá un importe de 275 euros (25 máis que os 250 establecidos agora), con independencia da renda per cápita familiar.

Ademais, o alumnado de 1º e 2º de Primaria que se encontre en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia recibirá a axuda máxima (210 euros fronte aos 170 actuais), e non terá que acreditar os datos da unidade familiar nin o nivel de renda.

Fondo solidario

No Fondo solidario de libros pode participar o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. A asignación de libros de texto farase, ao igual que cursos anteriores, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. En calquera caso, terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da súa renda familiar.

De non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar unha cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexan necesarios.

Neste caso tamén se flexibilizan á alza os treitos de renda per cápita. Así, o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros (ata o de agora situábase en 5.400 euros), ou que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% (nestes dous últimos casos con independencia da renda) ten garantido o acceso a 6 libros. Pola súa banda, as familias con tramos de renda per cápita entre 6.000,01 e 10.000 euros (ata o de agora o tramo ía de 5.400,01 a 9.000) terán acceso a 4 manuais.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario ou recibir as axudas para libros ou material escolar ter devolto os libros dos cursos anteriores.

Axudas para material escolar

O destinatario das axudas para material escolar é todo o alumnado matriculado en educación primaria e en ESO cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros (ata o de agora o límite era de 5.400 euros), e a contía da axuda mantense a mesma, isto é, 50 euros/alumno.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

Trámites por vía telemática

Unha vez que se abra o prazo, –previsto para os próximos días– as solicitudes poderán presentarse por vía electrónica (preferentemente) empregando a aplicación informática *Fondolibros* (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben presencialmente nos propios centros docentes, así como en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

Balance do presente curso 2019-20

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional repartiu de forma gratuíta no presente curso escolar un total de 596.467 libros de texto do Fondo Solidario, o que alcanza a un total de 102.112 alumnos de 3º a 6º curso de Educación Primaria e dos catro cursos de ESO. Outros 26.746 alumnos se beneficiaron das axudas da Consellería para a adquisición de libros de texto; mentres que un total de 93.508 alumnos recibiron vales para a adquisición de material escolar.

A asignación de manuais dispoñibles no Fondo Solidario faise por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar e, de ser necesario, o centro adquire os libros complementarios que sexan precisos para garantir unha cobertura similar á que se



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas (6 ou 4 libros por alumno/a segundo o caso).

Deste xeito, e atendendo aos criterios de renda, case sete de cada dez alumnos de Primaria e de Secundaria beneficiarios do fondo recibiron seis ou máis libros de balde; é dicir, que tendo en conta que a media de manuais nos centros é de seis por curso, nestes casos quedou cuberta a práctica totalidade das súas necesidades.

O Fondo Solidario está deseñado para garantir que as familias con rendas máis baixas sexan as primeiras destinatarias do programa de forma que poidan ser beneficiarias do maior número de libros dispoñibles.

MEDIO AMBIENTE CONVOCARÁ POR PRIMEIRA VEZ A ORDE DE AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE ACCIÓNS PARA O CLIMA POR PARTE DAS ENTIDADES ADHERIDAS AO PACTO DOS ALCALDES

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presenta un informe para dar conta da Orde pola que se regulará esta liña de incentivos dotada cun orzamento dun millón de euros para o presente ano*
- *As axudas están destinadas a sufragar a elaboración de plans de accións para o clima e a enerxía sustentable, co fin de axudar aos concellos e outras entidades locais a cumprir os obxectivos de mitigación do cambio climático*
- *O importe das axudas varía en función da poboación, polo que poden chegar ata os 20.000 euros para os concellos con máis de 100.000 habitantes*

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá o contido relativo ao Informe da Orde de axudas dirixidas a entidades locais co fin de que elaboren Plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (Paces) cos que planificar e adoptar medidas que apoiem e mitiguen a loita contra o cambio climático desde a perspectiva local. Trátase da primeira vez que a Xunta establece este tipo de incentivos que están dirixidos aos concellos galegos, ás entidades supramunicipais e ás agrupacións de entidades locais, que se atopen formalmente adheridos ao Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía, antes da solicitude da axuda.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicará esta orde de axudas no Diario Oficial de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva. Estará dotado dun orzamento global dun millón de euros para o presente exercicio e están co-financiadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Un plan de acción para o clima e a enerxía sustentable consiste nun inventario de referencia de emisións (IRE), unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático. Por iso, a liña de incentivos que vén lanzar a Consellería de Medio Ambiente sufragará os traballos de asistencia técnica para a elaboración dos mesmos, sempre e cando -segundo requisito da orde de axudas- non este redactado nin aprobado.

Deste xeito, os concellos integran á loita contra o cambio climático como unha das variables que deben ter presente na definición das súas políticas, tanto para reducir os gases de efecto invernadoiro e mellorar a eficiencia enerxética, como para adaptarse ás consecuencias derivadas do quecemento global que está a sufrir o planeta.

Cómpre lembrar que a realización destes plans é un dos compromisos adquiridos polos concellos galegos asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía, onde un dos seus compromisos é que deberán contar cun Pace no prazo de dous anos desde a

adhesión. Nese sentido, a Xunta quere apoiar ás entidades na realización dos mesmos, polo que habilita esta liña de axudas onde a contía variará en función da poboación e que vai dos 3.000 (para concellos de ata 2.000 habitantes) ata os 20.000 euros, para aqueles que superen os 100.000.

Fenómeno da actual sociedade

Un dos problemas ambientais primordiais ao que se enfrenta a actual sociedade é o cambio climático, un fenómeno de dimensións globais que debe ser abordado no ámbito internacional. Así, a súa solución pasa necesariamente polo traballo conxunto de todos os sectores da sociedade, incluídos os diferentes niveis administrativos e, dentro destes, mención especial merece o labor dos concellos pola súa proximidade e relación directa cos cidadáns.

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea.

En Galicia, a Xunta é a coordinadora do Pacto dos Alcaldes en Galicia, que puxo en marcha a Oficina Técnica de coordinación e asesoramento, constituída en 2018 e activa desde comezos de 2019. Nestes momentos, son xa 189 os concellos adheridos, unha cifra que avanza a bo ritmo e que sitúa a Galicia máis preto do obxectivo final de que o 90% dos municipios galegos estean plenamente integrados no Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía a finais deste ano.

Así, os concellos adheridos ao Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía fan propios os obxectivos europeos fixados para o ano 2030 como reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en, polo menos, o 40%; mellorar a eficiencia enerxética nun 32,5% e incrementar o uso de fontes de enerxía renovable un 32,5%, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este.



A XUNTA SUBVENCIONARÁ A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DA FRACCIÓN ORGÁNICA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS

- *O Consello da Xunta coñece un informe sobre a vindeira orde de axudas para sufragar actuacións en materia de residuos, que recolle unha serie de melloras como un aumento no orzamento, maior porcentaxe de financiamento e máis prazo para o desenvolvemento dos proxectos subvencionados*
- *Establécense dúas liñas de actuación que poderán acadar o 100% do custe, aquelas destinadas a favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos e as de prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos*
- *Unha entidade local poderá concorrer de maneira simultánea a varias das actuacións subvencionables, presentando solicitudes individuais*
- *Esta nova convocatoria dá continuidade ás axudas concedidas por primeira vez en 2019, que neste caso será bianual e o investimento supera os 4 millóns de euros*

A Xunta de Galicia habilitará unha Orde de axudas destinadas a subvencionar actuacións en materia de residuos de competencia municipal, entre as que inclúe a adquisición de vehículos para a recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, como unha das principais novidades. Cómpre ter en conta que a fracción orgánica, cun peso de máis do 40% sobre o total dos residuos que se xera nos fogares, ten que ser recollida e tratada nunhas condicións específicas debido ao seu importante potencial para a elaboración de fertilizantes naturais.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, foi informado do contido da nova Orde de axudas que está a ultimar a Consellería de Medio Ambiente e que recolle unha serie de melloras respecto da anterior convocatoria, como un maior orzamento, maior porcentaxe de financiamento e maior prazo para o desenvolvemento de proxectos subvencionables coa finalidade de contribuír a que os concellos avancen en economía circular.

Trátase dunha orde plurianual polo que se establece un orzamento para o ano 2020 e outra para o ano 2021, o que implica un investimento global de 4,15 millóns de euros; fronte aos 1,28 consignados na anterior convocatoria.

A nova convocatoria establece dúas liñas de actuación como son as destinadas a favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos, entre as que se inclúe a adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes na Comunidade galega e a posta á disposición da cidadanía de espazos de autorreparación e intercambio de obxectos e utensilios diversos (móbles, roupa, pequenos electrodomésticos, xoguetes, ...) para conformar unha rede galega de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

establecementos públicos, destinados á preparación para a reutilización, coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos.

A segunda liña de actuacións é a destinada á prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos, entre os que se inclúen proxectos subvencionables como o fomento da compostaxe *in situ* e recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, a partir de contedores, elementos ou medios materias que contribúan a mellorar a cantidade e calidade da recollida.

En relación coa contía das axudas, a nova orde establece dúas novidades significativas respecto da anterior, como o incremento dos importes máximos previstos e que as subvencións poderán acadar o 100% dos custos totais subvencionables. Asemade, unha mesma entidade local poderá concorrer de xeito simultáneo a varias das catro actuacións subvencionables, presentando solicitudes individuais.

Outra das novidades é que define un maior prazo para a execución das iniciativas subvencionadas, que se estenderá ata o 30 de novembro de 2021, tendo en conta as necesidades temporais que requiren os trámites para a contratación pública de certos servizos ou compras.

Esta convocatoria enmárcase dentro do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 e conforme ao establecido na Estratexia galega de Economía circular. Complementa as actuacións postas en marcha de dotación de contedores para a fracción orgánica ou biorresiduos ou para a recollida selectiva de envases lixeiros, papel e cartón ou vidro, así como o desenvolvemento de proxectos demostrativos de preparación para a reutilización, implantación da compostaxe doméstica en áreas educativas ou en grandes xeradores, entre outros. Todas elas acompañadas con campañas de educación e sensibilización ambiental.



A XUNTA ESTABLECE OS PROTOCOLOS DE SEGURIDADE PARA REACTIVAR NA SEGUNDA QUINCENA DE XUÑO OS ACTOS EXPROPIATORIOS E DESBLOQUEAR INVESTIMENTOS POR 40 MILLÓNS DE EUROS EN OBRAS

- *O levantamento de actas previas á ocupación e a súa formalización terán lugar sempre en locais coa superficie e a ventilación necesarias para minimizar os riscos fronte ao COVID*
- *As convocatorias darán facilidades ás persoas afectadas para propoñer horarios adaptados ás súas circunstancias por motivos de saúde*
- *Limitarase o aforo dos locais, reforzase a información sobre as medidas de seguridade, garantíranse os dispensadores de solución hidroalcohólica e será necesario o uso de máscara por parte de todos os participantes nos actos*
- *As medidas permitirán activar 10 procedementos expropiatorios pendentes que suman 530 predios e un importe de 1,43 millóns de euros*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace aos protocolos de seguridade establecidos para reactivar, a partir da segunda quincena de xuño, os actos expropiatorios e, dese xeito, desbloquear investimentos en obras públicas por importe de máis de 40 millóns de euros.

O informe acerca da situación dos expedientes de expropiación forzosa da Axencia Galega de Infraestruturas avaliado na xuntanza semanal do Goberno galego detalla o conxunto de medidas de prevención que deben seguirse tanto para a convocatoria como para o desenvolvemento dos actos de levantamento de actas de ocupación dos terreos afectados polas obras públicas.

A declaración do estado de alarma, na medida en que estableceu a suspensión dos procedementos administrativos, supuxo a interrupción dos actos encamiñados a obter os terreos privados necesarios para a execución de obras públicas mediante o trámite da expropiación. Hai que ter en conta, ademais, que os levantamentos de actas deben realizarse necesariamente de forma presencial, coa participación de varias persoas, o que desaconsellou a súa celebración no período máis severo da emerxencia sanitaria.

O proceso de reapertura iniciado e a reanudación dos procedementos de contratación das obras permite establecer xa un calendario estimativo para cada unha das actuacións afectadas, de modo que se consiga a dispoñibilidade dos terreos para cando se estableza a data de formalización da acta de comprobación do replanteo previa ao inicio das obras.

Iso suporá a reactivación de 10 procedementos expropiatorios pendentes, para a ocupación de 530 predios polos que a Xunta aboará 1,43 millóns de euros e que permitirán a execución de obras públicas por importe de máis de 40 millóns.

Entre eles destacan actuacións tan importantes como o desdoblamento do corredor Nadela-Sarria, unha obra licitada por máis de 24,5 millóns de euros, o acondicionamento da estrada Valdoviño-Cedeira, na que se investirán 4,4 millóns de euros, ou a primeira fase de mellora da estrada entre San-Sadurniño e Ortigueira, cuxo custo suporá 6,4 millóns de euros.

Os actos de levantamento de actas previas á ocupación e de formalización de actas comezarán a convocarse a partir da segunda quincena de xuño e realizaranse sempre de acordo cunhas estritas medidas preventivas do risco de contaxio do COVID.

Medidas de prevención

Para a súa celebración será necesario elixir locais que permitan minimizar o risco de contaxio, é dicir, coa superficie suficiente e axeitada para manter a separación mínima recomendada entre persoas, cunha zona de espera o suficientemente ampla e con posibilidades de ventilación frecuente.

Na propia convocatoria das reunións indicárase aos interesados que poderán confirmar a data e hora fixada para a celebración do acto, ou, no caso de concorrer motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente á prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente para o mesmo, previa cita confirmada polo persoal de contacto.

Os actos realizaranse de maneira que o número de persoas que poidan concorrer no mesmo local ao mesmo tempo non supere o límite máximo de aforo establecido no momento pola autoridade sanitaria, evitando todo o posible que se poida producir acumulación de persoas citadas que teñan que esperar quenda para ser atendidos.

Colocaranse carteis informativos coas indicacións de seguridade que deban observarse. Os carteis colocaranse en zonas visibles e, de ser necesario, de acordo coas recomendacións que dite a autoridade competente, dispoñeranse mamparas de protección entre os interesados e o persoal que asista ao acto para atención ao público.

Ademais, proverase de dispensadores de solución hidroalcolica para unha correcta e frecuente hixiene de mans, ao dispor de todas as persoas presentes no acto e, no momento da atención, todos os participantes usarán máscara de protección, ou os sistemas de protección individual que nese momento sexan obrigatorios, respectando, ademais, a distancia de seguridade fixada.

O persoal responsable hixienizará e limpará de forma correcta tanto a mesa como o material de oficina empregado, antes de atender a un novo expropiado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En caso de detectarse posibles síntomas compatibles co COVID-19 nalguna persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.

De ser necesario o desprazamento ao terreo afectado polo procedemento, este faríase en vehículo de maneira individual, e no caso de non ser posible, unha persoa por fila de asentos usando máscara cando non se respecte a distancia interpersonal. Nos vehículos utilizados abranse as portas e xanelas para ventilar durante 5 minutos ao finalizar o percorrido e antes de entrar no mesmo. De interactuarse con outras persoas, gardarase a distancia de seguridade interpersonal e, de non ser posible, utilizarase máscara.

Na citación convocando ao afectado pola expropiación á reunión detallaranse as indicacións en canto a seguridade e saúde, tales como a obriga de asistir provisto dos sistemas de protección individual que en cada momento se determine, asistencia das persoas estritamente necesarias para o trámite, obriga de permanecer o tempo estritamente necesario no local de reunión e indicación de non acudir no caso de presentar febre ($>37^{\circ}$) ou síntomas de problemas respiratorios.

A XUNTA APOIA O DESENVOLVEMENTO DE OITO SOLUCIÓNS INNOVADORAS ANTE O COVID-19 QUE PROMOVEN PEMES E UNIVERSIDADES GALEGAS

- *O Consello da Xunta autoriza destinar preto de 750.000 euros ao impulso de propostas innovadoras que poidan ser transferibles ao sector da saúde, industria ou comercio*
- *Os proxectos teñen como obxectivo o desenvolvemento dun método rápido e sinxelo de detección molecular in situ de SARS-CoV-2; sistemas de desinfección e esterilización; a industrialización e posta no mercado de respiradores nun prazo moi curto de tempo; a xeración de cartografía de risco do COVID-19; ou un sistema de control de accesos a través da temperatura corporal*
- *Seis dos proxectos serán desenvolvidos por pequenas e medianas empresas e dous polas universidades de Vigo e de Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou impulsar o desenvolvemento de oito solucións innovadoras ante o COVID-19 que poidan ser transferibles ao sector da saúde, a industria ou o comercio. Destinaranse preto de 750.000 euros para colaborar na execución destes proxectos.

Os convenios de colaboración que se firmarán son o resultado da selección realizada por axentes externos especialistas na materia tras a chamada feita en marzo pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), ao Sistema Galego de Innovación. Das 160 iniciativas recibidas, seleccionáronse as que encaixaban dentro de proxectos de innovación -as demais foron derivadas ao Comité de fabricación de equipamento sanitario creado pola Xunta, a outros departamentos ou reorientadas cara a convocatoria do Instituto de Salud Carlos III por tratarse de proxectos de investigación, non de innovación. Finalmente recibirán financiamento un total de oito propostas, as que máis se axustan tras recibir a mellor puntuación, logo de analizar cuestións como a viabilidade técnica e a súa posibilidade de chegar ao mercado.

Das oito iniciativas, seis son de pemes e dúas pertencen ao ámbito universitario. En concreto, AMSlab desenvolverá un proxecto para a rápida e sinxela detección molecular in situ do SARS-CoV-2, sen requirimento de instrumentación; Setga traballará en cabinas esterilizadoras; Bionix Supplychain Technologies aposta por un respirador de baixo custo industrializable a escala; mentres que Técnicas de Soft avanzará nun respirador autónomo reutilizable; Fentotek desenvolverá un ventilador invasivo con control de impulsión lineal; e Creativigo Consultores de Innovación traballará nun sistema de control de accesos por recoñecemento facial con captura da temperatura.

Por outra banda, a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega), xerará cartografía de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

risco do COVID-19 nos espazos urbanos e rurais da Comunidade co obxectivo de coñecer onde se localizan os principais focos de contaxio, con que factores territoriais se relaciona e cales son os espazos clave de actuación para frear a propagación; e a Universidade de Vigo centrarase no desenvolvemento e validación de operativas de voo con sistemas aéreos non tripulados para efectuar tarefas de desinfección.

Con esta actuación, a Xunta pretende dar unha oportunidade ao desenvolvemento de proxectos innovadores que poden contribuír a mellorar a diagnose e o manexo clínico de pacientes infectados polo coronavirus e deseñar medidas para responder de xeito eficaz a esta pandemia.

Teñen o seu complemento noutras medidas impulsadas pola Xunta co obxectivo de aproveitar as capacidades do tecido empresarial e dos centros de coñecemento de Galicia ante esta emerxencia sanitaria, como as enmarcadas dentro do Comité de fabricación de equipamento sanitario de Galicia -desde a plataforma *MarketPlace* ás axudas para a reorganización produtiva das empresas- e a consulta do Goberno galego, a través do Igape, para deseñar unha liña de axudas para apoiar a fabricación de produtos que sirvan para combater o COVID-19.



A XUNTA ACTIVA UNHA XANELA ÚNICA COA QUE OFRECE APOIOS E ASESORAMENTO INMEDIATO A AUTÓNOMOS E PEMES PARA REACTIVAR A SÚA ACTIVIDADE

- *O Consello da Xunta pon en marcha o programa Igape Responde, unha ferramenta á que destina máis de 3,6 M€ este ano para reforzar e reorganizar os servizos de acompañamento aos colectivos empresariais máis vulnerables ante a situación xerada polo COVID-19*
- *A través desta iniciativa, profesionais e empresas poderán acceder a toda a información sobre os servizos da Xunta, desde consultas sobre liñas de axudas ata asistencia sobre como adaptar os negocios ás novas necesidades*
- *Facilitarase orientación sobre medidas de implantación rápida e apoio para a reorganización estratéxica e operativa, a dixitalización e a innovación dos negocios*
- *Convocaranse axudas para dar soporte en aspectos como o teletraballo, prestacións de servizos e promoción en liña, replanificación das débedas, busca de financiamento e reconfiguración da oferta comercial*
- *Ademais de asesoramento e mentorización, porase á disposición do tecido produtivo información de interese actualizada, encontros explicativos en liña, boletíns informativos e guías de repostas a preguntas frecuentes*
- *Cun equipo formado por 50 profesionais, a previsión para 2020 é ofrecer 600 servizos especificamente adaptados para a reactivación do tecido empresarial galego*

O Consello da Xunta avanzou hoxe nunha nova ferramenta destinada a reforzar e reorganizar os servizos de asesoramento a autónomos e pequenas e medianas empresas ante a situación económica provocada polo COVID-19. O programa Igape Responde disporá para este ano dunha dotación orzamentaria de 3,65 millóns de euros coa que o Goberno galego porá en marcha novas accións de consultoría e información para contribuír a reactivar a actividade dos colectivos económicos máis vulnerables. Deste xeito, darase resposta ás súas necesidades de adaptar a súa produción, os servizos que ofrecen, o modelo de negocio ou os equipos de traballo.

Esta proposta permitirá que profesionais e pemes poidan acceder, a través dunha xanela única de consulta, a todos os servizos que a Xunta habilita, tanto no que se refire á información sobre as liñas de axudas en funcionamento como no asesoramento individualizado sobre como adaptar cada negocio ás necesidades xurdidas no novo escenario económico e empresarial.

Así, a nova iniciativa, ademais de reforzar a atención directa por medios telefónicos e telemáticos que xa se está a ofrecer, contará cunha nova convocatoria do programa ReAcciona, deseñado para responder á nova situación que vive o tecido empresarial

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

galego. Achegarase orientación e apoio individualizado a autónomos e pemes sobre as medidas de implantación rápida que deben adoptar a nivel xeral, na reorganización estratéxica e operativa dos seus negocios, así como no que se refire a proxectos de dixitalización e innovación axeitados para garantir a manter e impulsar a súa actividade.

En concreto, ofrecerá soporte personalizado en aspectos como a implantación do teletraballo, prestacións de servizos e promoción en liña, replanificación das débedas, busca de financiamento e reconfiguración da oferta comercial, entre outros. Neste sentido, a nova ferramenta, ademais de servizos de asesoramento e mentorización, porá á disposición de todo o tecido produtivo galego unha base de coñecemento con información de interese empresarial actualizada e precisa, encontros explicativos en liña, guías de repostas a preguntas frecuentes e boletíns informativos periódicos.

Cun equipo formado por 50 profesionais, a previsión da Xunta de Galicia para este ano é que a través do programa Igape Responde se ofrezan 600 servizos personalizados que se axusten especificamente ás respostas que precisa o tecido empresarial galego ante o novo contexto do COVID-19, ademais de realizar máis de 1500 contactos con pemes e autónomos e atender 700 solicitudes de información.

SANIDADE INVISTE 170.000 EUROS PARA MELLORAR O ILLAMENTO NAS UCI DO HULA

- *Para conseguir este obxectivo vanse instalar 33 portas automáticas co fin de adaptar os boxes das unidades de coidados intensivos e de reanimación de adultos para o illamento de pacientes ingresados por COVID-19*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, polo trámite de emerxencia, o expediente de contratación da obra para instalar 33 portas automáticas nas unidades de coidados intensivos (UCI e REA) do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo. Con esta actuación preténdese adaptar os boxes das unidades para o illamento de pacientes ingresados por COVID-19.

Neste importe inclúense a realización da totalidade dos traballos necesarios para a colocación, instalación e posta en marcha das portas, así como a adaptación da instalación eléctrica. Tamén se encontra incluída calquera outra operación relacionada que sexa necesaria para a posta en marcha das unidades, seguindo as recomendacións do fabricante.

Estas obras enmárcase dentro do protocolo de actuación elaborado polo Servizo Galego de Saúde en caso de pandemia do COVID-19, que establece que a abordaxe diagnóstica dos pacientes por coronavirus sexa realizada maioritariamente nos propios servizos de urxencias hospitalarios, polo que cómpre dispoñer das instalacións axeitadas para este fin.

Desde o Sergas continúaase avanzando na loita contra o coronavirus xa que, aínda que na actualidade foise atenuando a expansión do virus, non é posible desbotar a posibilidade dun rebrote despois do verán.

SANIDADE INVISTE OUTROS PRETO DE 600.000 EUROS NA ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA HOSPITAIS PARA A ABORDAXE DA PANDEMIA POR COVID-19

- *Esta nova compra inclúe ventiladores volumétricos, pulsioxímetros e camas de hospitalización*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar, polo trámite de emerxencia, a ampliación da subministración do Plan de dotación de equipamento para afrontar o COVID-19, por un importe de 590.973 euros. Este novo investimento inclúe oito ventiladores volumétricos por valor de 193.600 euros, 5.000 pulsioxímetros cun importe de 195.475 euros e 201 camas de hospitalización por valor de 201.898 euros.

Dos oito ventiladores, dous son para o CHUAC, un para o CHUS, dous para o CHUVI e 3 para o HULA. Das 201 camas, 40 son para o CHUAC e 161 para o CHUS, mentres que os pulsioxímetros son para Telea.

Así, aínda que actualmente a expansión do virus foise atenuando, os expertos indican que non é desbotable un rebrote no próximo outono. Como xa é coñecido, esta enfermidade fai que un número importante de pacientes acaben presentando cadros respiratorios agudos que fai necesario o seu ingreso na UCI con ventilación mecánica, e que, se as capacidades destas unidades se superaran, se teña que monitorizar e equipar outras áreas que teñen que suplir esta función, como son as REA, as unidades de coidados intermedios, ou outros lugares que cumpran estas funcións. Do mesmo xeito, o Sergas protocolizou que a abordaxe diagnóstica destes pacientes sexa realizada maioritariamente nos propios servizos de urxencia hospitalarios, polo que é necesaria a compra de equipos que permitan realizar este diagnóstico e incluso achegar soporte vital.

Cómpre subliñar que a definición do equipamento necesario foi decidida polo Comité de expertos no seguimento do coronavirus, onde están presentes a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, así como Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias. Foron eles os que consensuaron indicar o material necesario para facer fronte á epidemia, tendo en conta que estas necesidades reavalíanse conforme vai avanzando a situación.

Esta sería a sexta compra de equipamento considerado imprescindible para facer fronte á pandemia do COVID-19, tales como ventiladores volumétricos, equipos de ventilación non invasiva, ecógrafos, monitores de pulsioximetría e presión arterial, así como



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

somieres articulados eléctricos, colchóns hospitalarios e camas, entre outros. Así, esta compra súmase ás autorizadas anteriormente polo Consello da Xunta por importes de 1,8 millóns de euros, 1,2 millóns de euros, 2,3 millóns de euros, 930.000 euros e a de equipamento informático imprescindible da semana pasada de 600.000 euros.



SANIDADE PRESENTA UN PLAN PARA REACTIVAR A ASISTENCIA EN ATENCIÓN PRIMARIA

- *O Plan de reactivación asistencial foi confeccionado coas achegas realizadas polos colexios profesionais, sociedades científicas e asociacións do eido sanitario*
- *A estratexia sanitaria compatibilizará os circuítos creados por mor do coronavirus e a reanudación das actividades asistenciais anteriores á pandemia*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, informou hoxe ao Consello da Xunta do Plan de reactivación asistencial en Atención Primaria, en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2, que elaborou a Consellería de Sanidade en colaboración cos diferentes colexios profesionais, sociedades científicas e asociacións do eido sanitario.

A nova folla de ruta está estruturada en varias fases que se desenvolverán dun xeito progresivo e abranguerán desde o momento actual até o vindeiro mes de xuño. Así, o Plan de reactivación asistencial da Atención Primaria establece un conxunto de medidas coas que se procura optimizar o funcionamento dos centros de saúde, mentres perdure a pandemia.

A Atención Primaria xoga un papel relevante dentro da fase de recuperación da normalidade e será estratéxica a detección precoz de novos casos de contaxio.

Entre as medidas definidas, destaca a potenciación da atención telefónica, a citación espallada de pacientes para evitar aglomeracións nos centros de saúde, o impulso da atención domiciliaria e o teleseguemento, ou a limitación no acceso de persoas aos centros de saúde, cuxo aforo continuará a verse limitado por motivos de seguridade.

Medidas de seguridade para o persoal sanitario e non sanitario dos centros

No eido da prevención dos riscos laborais, os centros de saúde estarán dotados do material necesario para a protección individual dos traballadores, contando cuns EPI proporcionais e axeitados aos riscos aos que se deban expoñer os profesionais do centro.

O Plan de reactivación asistencial, aposta por darlle continuidade ás actividades formativas e informativas dirixidas ao persoal sanitario e non sanitario dos centros de atención primaria, co obxecto de mellorar os protocolos de actuación ante a aparición de posibles casos de COVID-19.

Dentro das estratexias deseñadas para aos espazos sanitarios, cómpre destacar que se intensificarán as tarefas de limpeza e desinfección, tanto das estancias dos centros como dos diferentes equipos de traballo.

Un Plan de reactivación asistencial flexible

Coa intención de evitar a propagación do coronavirus, cada centro sanitario procurará contar con dous circuitos diferenciados: un destinados aos pacientes COVID, e outro, para o resto de doenzas. Non obstante, se as dimensións dos centros sanitarios non permitisen esta diferenciación, valoraríase a posibilidade de atender comarcalmente aos pacientes con sintomatoloxía COVID.

Segundo avancen as fases do Plan, o persoal sanitario irá recuperando as actividades suspendidas polo xurdimento da pandemia mediante unha avaliación continúa. Así, corresponderalle a cada servizo de atención primaria a reorganización das axendas profesionais en función das necesidades. Cabe subliñar que a recuperación das actividades programadas prestará especial atención aos pacientes máis fráxiles ou vulnerables e tamén porá o foco naqueles casos aos que, por mor da pandemia, se lle suspenderan unha ou máis citas.

Entre as medidas que achega o Plan, inclúense unha serie de apuntamentos que abordarán dun xeito específico as diferentes especialidades sanitarias como son: a atención pediátrica, que manterá un circuito diferenciado; a atención obstétrica, cuxas consultas prenatais e puerperais serán realizadas preferiblemente de xeito telefónico; as unidades de saúde bucodental, que retomarán progresivamente as actividades programadas con equipos de protección individual integrais; as unidades de fisioterapia, que recuperarán a súa actividade seguindo criterios de prioridade patolóxica e menor risco de contaxio; as unidades de atención farmacéutica, que mesturarán a atención telefónica e presencial procurando evitar desprazamentos innecesarios aos centros sanitarios; e as unidades de atención de traballo social sanitario, que se centrarán na detección proactiva de pacientes en situación de risco e exclusión social.

O Plan de reactivación asistencial tamén procura impulsar a detección precoz de novos casos en atención primaria e, para iso, continuará a informar á poboación das medidas de prevención máis axeitadas en cada momento.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 30 M€ NUN PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS QUE PREVÉ ACTUAR ESTE ANO EN CASE 46.000 HA DE MONTE E NUNS 5.800 KM DE PISTAS E VÍAS DE COMUNICACIÓN

- *O Consello do Goberno galego avaliou hoxe este documento, que contempla as actuacións da Administración autonómica e as previstas en colaboración con outras institucións e particulares, mediante convenios e subvencións*
- *As que se recollen son, fundamentalmente, accións sobre o territorio, que se concretan en traballos silvícolas preventivos, na creación e mellora de infraestruturas de defensa e en intervencións de mellora da xestión forestal*
- *As actuacións realizaranse tanto en montes e terreos forestais como nas faixas secundarias de xestión de biomasa preto das vivendas e na súa maioría executaranse entre o 18 de maio e o 13 de xullo, sempre tendo en conta as condicións climatolóxicas*
- *De xeito complementario a esta planificación contémpanse outras iniciativas que tamén inciden na anticipación aos lumes, como son o plan de pastos, a silvicultura preventiva, as aldeas modelo ou os polígonos agroforestais, que suporán un investimento a maiores de máis de 33 M€ no seu conxunto*

A Xunta investirá arredor de 30,5 millóns de euros nun plan específico e monográfico para a prevención de incendios forestais que hoxe avaliou o Consello do Goberno galego. Trátase dunha iniciativa integral, que contempla tanto as actuacións da Administración autonómica como as previstas en colaboración con outras institucións e particulares –que contan co apoio e o financiamento da Consellería do Medio Rural a través de convenios e subvencións– para previr os lumes.

Nesta planificación recóllense, fundamentalmente, accións sobre o territorio, que se concretan en traballos silvícolas preventivos, na creación e mellora de infraestruturas de defensa e en intervencións de mellora da xestión forestal e das súas producións que redunden nun incremento do valor do monte, incidindo sobre todo na defensa das vivendas fronte o lume. Unhas actuacións que se executarán na súa maioría entre o 18 de maio e o 13 de xullo, sempre que o permitan as condicións climatolóxicas.

Entre outras magnitudes que contempla o plan, salientan as case 46.000 hectáreas nas que se intervirá, de xeito conxunto, mediante diferentes tipos de traballos silvícolas, así como a actuación en preto de 5.800 quilómetros de pistas forestais e outras vías de comunicación repartidas por toda Galicia. Así, só a través das actuacións directas do persoal propio da Consellería do Medio Rural ou mediante contratacións, está previsto traballar en case 8.400 hectáreas, con diferentes tipos de labores silvícolas, así como mellorar uns 3.100 quilómetros de pistas forestais e adecuar á normativa de distancias uns 100 km de estradas e vías de ferrocarril. Ademais, faranse traballos de mantemento en 3.207 puntos de auga.

Desta forma, levaranse a cabo labores relacionados coa creación e mellora de devasas e faixas auxiliares, coa mellora e mantemento de pistas no monte ou coa eliminación de residuos forestais. Así mesmo, supervisarase o estado dos puntos de auga e faranse labores de roza mecanizada arrastrada, roza manual e roza mecanizada de brazo.

As actuacións recollidas neste plan realizaranse por unha banda en montes e terreos forestais e, por outra, nas faixas secundarias de xestión de biomasa, as dos 50 metros de terreo rústico máis próximas ás vivendas. Todo isto, de acordo coas obrigas establecidas na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

No que atinxe ás subvencións para a prevención dos danos causados por lumes, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), o plan que hoxe avaliou o Goberno galego estima que mediante esta vía vaise traballar no control selectivo de combustible en case 9.700 hectáreas, así como na construción dun total de 121 puntos de auga.

Por outra parte, no que se refire aos convenios con municipios para a súa participación e defensa contra incendios forestais, actualmente están subscritos acordos cun total de 263 concellos e 5 mancomunidades. Estes convenios céntranse en tres vías de colaboración: a participación mediante a actuación de vehículos motobomba, a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e a contratación durante tres meses de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa, así como para a realización de traballos de prevención mediante o control do combustible de xeito manual.

De acordo con estes parámetros, dentro deste plan está prevista a activación de 251 brigadas municipais, cunha superficie de actuación total de preto de 19.500 hectáreas, sumando os traballos manuais e os mecanizados. A elas cómpre engadir as case 600 hectáreas de actuación preventiva dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

A maiores, no plan inclúense os traballos propios das actuacións preventivas no marco do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta, a Fegamp e Seaga. Neste sentido, tendo en conta que a data de 15 de marzo de 2020 os concellos adheridos a este acordo son 259, potencialmente poderían levarse a cabo execucións subsidiarias en case 2.600 hectáreas e actuacións de xestión de biomasa en vías de titularidade municipal ata nun total de 2.590 km en toda Galicia. Así mesmo, nas parroquias priorizadas dentro deste convenio prevese actuar noutras 5.300 hectáreas ao longo deste ano.

Actuacións complementarias

De xeito complementario a esta planificación, contémlanse tamén outras iniciativas que inciden, así mesmo, na anticipación aos lumes, como son a dotación de material e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

vehículos, o plan de pastos, a silvicultura preventiva, as aldeas modelo ou os polígonos agroforestais e que no seu conxunto supoñen un investimento de máis de 33 millóns de euros.

No que atinxe á dotación material, a Xunta destina 6,4 millóns de euros á adquisición e mantemento das motobombas, a construcións e arranxos nas emisoras e bases aéreas, ao aluguer de vehículos para brigadas e axentes e a diferentes equipamentos e ferramentas.

De xeito paralelo, a Consellería do Medio Rural prevé iniciar entre os meses de maio e xuño o Plan de pastoreo de Galicia, co obxectivo de fomentar a ordenación e posta en valor dos pastos da comunidade para un mellor aproveitamento dos recursos naturais, ao tempo que se traballa na anticipación aos incendios forestais. A iniciativa contempla un investimento superior aos 9,5 millóns de euros en ata 2.250 hectáreas que se recuperarán, ademais, para dotar ás explotacións de máis base territorial e contribuír a facer rendible a actividade agrogandeira, co conseguinte apoio á remuda xeracional no agro e ao mantemento da poboación no rural.

A maiores, contribuírase ao equilibrio e sustentabilidade ambiental, non só polo coidado dos pastos senón tamén porque a meirande parte das ganderías que fan uso do pastoreo nos montes veciñais son gando de produción de carne de maneira sostible e con razas autóctonas.

Con respecto ás iniciativas de mobilización de terras, salientan as aldeas modelo e os polígonos agroforestais, con actuacións en zonas en abandono ou infrautilización de alta ou especial capacidade produtiva para un ou varios cultivos ou aproveitamentos. No caso das aldeas modelo, execútase a limpeza das franxas arredor das vivendas, eliminando maleza, pino, eucalipto e acacia e establécese nesa franxa actividade agrogandeira, co obxecto de que constituía unha devasa natural fronte o lume. A previsión é de aprobar unhas 25 aldeas modelo en toda Galicia ao longo deste ano. O investimento previsto para estas actuacións de mobilización de terras sitúase nos 4,5 millóns de euros.

Por último, no que atinxe á silvicultura preventiva, só neste 2020 vanse investir 13 millóns de euros nestes labores, que pretenden por un lado incidir na prevención dos danos causados polos incendios ou desastres naturais e, por outra banda, incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais.